

**CEM S.E. 13.05.15**

**PUNTO TERCEIRO: Solicitud Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria información sobre a avaliación individualizada dos alumnos de terceiro curso de educación primaria para o curso 2014-2015.**

Visto o disposto no art. 20.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, o art. 12.7 e disposición derradeira primeira do Decreto 105/2014, do 4 de setembro.

.../...

O Pleno do Consello Escolar Municipal por maioría de dezaseis votos a favor dos seus membros presentes, sendo vinte e tres o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Manifestarse en contra da realización nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria establecida no art. 20.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2.- Solicitar da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a retirada  
da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria.

3.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.